

CONCURSO DE VÍDEOS DE ENTROIDO 2021

MODALIDADE

A participación poderá ser individual ou colectiva. Neste último caso (colectivos) as persoas participantes deberán cumprir as condicións de prevención contra o Covid en vigor.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- 1.** A persoa ou persoas participantes deben ser alumnos ou alumnas do IES Antonio Fraguas no curso 2020-2021, con independencia de que no vídeo aparezan outras persoas colaboradoras (pai, nai, avós...). Tamén está permitido un grupo de alumnos/as (coas limitacións indicadas no apartado anterior ao respecto do Covid). Neste último caso nomearase unha persoa representante do grupo, que será quen envíe o vídeo, indicando no correo electrónico os nomes e cursos do alumnado que participa no vídeo.
- 2.** Autorizar á publicación do vídeo que se presenta, cumprimentando o impreso de autorización paterna/materna que se achega a estas bases (enviándoa xunto co vídeo no mesmo correo)
- 3.** Aceptar as bases e condicións desta convocatoria.
- 4.** Admítese a participación do profesorado fora de concurso.

CONTIDO

A gravación recollerá a actuación da persoa ou persoas participantes (tipo Tik-Tok), que necesariamente vestirán algún tipo de disfraz. Poden simplemente desfilar, ou tamén cantar, bailar, facer humor, malabares, ou calquera actuación similar...). No vídeo poderá haber colaboracións de persoas convivintes coa persoa participante (pai, nai, avós, irmáns...., estando estas disfrazadas ou non), aínda que non sexan alumnado do centro (colaboradores/as). No caso de que apareza algún outro menor de idade, deberase enviar xunto co vídeo unha autorización asinada por cada un dos menores que aparezan.

TIPO E DURACIÓN

Os vídeos, tipo Tik-Tok, poden estar gravados en vertical ou en horizontal, non poderán exceder os 90 segundos de duración e deben ser editados en formato mp4. Só está permitido un vídeo por participante.

PRAZO

O vídeo, xunto coa autorización asinada, debe ser enviado ao correo electrónico **fraguastv@gmail.com** antes do domingo 14 de febreiro ás 22:00 horas.

No asunto do correo debe figurar o texto: CONCURSO DE VÍDEOS DE ENTROIDO 2021.

No corpo do texto do correo deben figurar: Apelidos e nome, curso e grupo de quen concursa.

XURADO

Realizarase un programa especial na canle de YouTube “Fraguas TV” con todos os vídeos participantes que será emitido o martes de entroido. Asimesmo, poderán visualizarse na conta de Instagram do centro. Á volta das vacacións de entroido realizarase unha votación no propio centro entre o alumnado, profesorado e traballadores/as do centro para elixir os vídeos premiados.

PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios:

1º premio (125€) 2º premio (75€) 3º premio (50€)

A dirección do centro resérvase o dereito de anular a convocatoria do concurso se non existise un número suficiente de vídeos presentados. Asimesmo poderá anular a participación daqueles vídeos que polo seu contido non se consideren apropiados ao contexto educativo, tanto pola linguaxe empregada no mesmo como polas imaxes que conteña.